


XORNADAS

# O patrimonio moble, entre o comunitario e o privado

Consello da Cultura Galega  
Santiago de Compostela  
22 e 23 de outubro de 2019



Fronte á concepción unitaria do patrimonio cultural, distincións como as de patrimonio moble e inmovible, baseadas no Dereito civil, facilitan a súa xestión pero achegan fragmentación.

Esa concepción unitaria devén así problemática se a contemplamos desde ese punto de vista simplemente xurídico, no que os conceptos de público e privado adquiren unha relevancia fundamental.

A teoría e a lexislación dos bens culturais trataron de superar esa distinción, desde Alois Riegl e os tratadistas e xuristas italianos dos bens culturais, achegando un concepto fundamental como foi o do “valor de fruición”, que permite transcender a mera noción de propiedade e facilita a tutela dos poderes públicos sobre o patrimonio cultural.

Porén, é paradoxal que esta evolución conceptual e legal coexista na actualidade con infraestruturas culturais (arquivos, bibliotecas e museos) que afunden as súas raíces en visións do patrimonio cultural moitas veces contraditorias. Así, estas concíbense aínda como depósitos, principalmente públicos, de toda clase de bens culturais extraídos do seu contexto público ou privado orixinal e acumulados á espera do seu “tratamento” técnico.

Considerados desde este punto de vista patrimonial, na orixe e evolución destes centros están presentes elementos diversos, como a lenta construción do concepto de nación en desenvolvemento, no século XVII, e a Ilustración, no século XVIII (transcendentes nos casos das bibliotecas e dos arquivos), as incautacións e doazóns de fondos privados, desde o século XVIII, e os procesos desamortizadores e a incautación de bens eclesiásticos no contexto da construción do Estado-Nación liberal herdeiro dos principios da Revolución Francesa, no XIX.

Un proceso que non foi lineal e que está cheo de matices, pois, ao carón da vontade do Estado por construír un relato da memoria da Nación e por construír infraestruturas para a mellora da cultura e da educación do país (que, por outra banda, adoitou esquecer calquera outro particularismo social ou territorial), áchase tamén o desexo ilustrado dos doadores privados de contribuír a ese mesmo ben público.

Este predominio do público sobre o privado traducíuse ademais, con frecuencia, nun tratamento indiferenciado das coleccións, no caso das bibliotecas, ou no tardío desenvolvemento, no caso dos arquivos, dunha metodoloxía para o tratamento dos fondos de orixe privada.

Así, estas infraestruturas culturais deben afrontar hoxe a contradición de acumular uns bens patrimoniais de carácter moble e orixe pública ou privada que tiñan a súa razón de ser en lugares, inmoables e contextos sociais e económicos moi determinados e que, por outra banda, e debido á crónica precariedade de medios persoais e orzamentarios, non sempre poden procesar e difundir de forma adecuada.

Neste contexto, xorden diferentes cuestións que atinxen tanto á xestión destes centros culturais como á do patrimonio moble que acumulan: segue a ser necesaria e conveniente a política de acumulación de bens culturais nas bibliotecas, nos arquivos e nos museos? Que alternativas hai? Que profesionais deben afrontar a súa xestión? Son posibles outros modelos para a xestión e a investigación do patrimonio moble?

Con elas, a Sección de Patrimonio e Bens Culturais do Consello da Cultura Galega convidanos a re. exionar e a debater.

Imaxe da portada: Composición de torques do Museo Provincial de Lugo (Colección Gil Varela) e do manuscrito "Memoria de los señores bienechores de la Biblioteca pública de la Real Universidad Literaria de Santiago". 1812-1869. BX da USC, Ms. 264

## PROGRAMA

### 22 DE OUTUBRO

10:00 horas  
Presentación

#### **Sesión 1. O patrimonio de orixe privada e as institucións da memoria**

10:30 horas  
*Casuística legal e administrativa da integración do patrimonio moble de orixe privada nas BAM*  
**José Luis Rodríguez Muñoz**, Ministerio de Cultura e Deporte, Xunta de Galicia. Valoración, Valoración e Exportación

11:15 horas  
Pausa

11:45 horas  
*A xestión de fondos/coleccións privadas en arquivos, bibliotecas e museos: problemática e prácticas: o caso do Arxiu Nacional de Catalunya*  
**Josep Fernández Trabal**, Arxiu Nacional de Catalunya

12:30 horas  
*E logo, ti de quen ves sendo? Marcas de procedencia nas bibliotecas*  
**Concepción Varela Orol**, Universidade da Coruña

13:15 horas  
Coloquio

#### **Sesión 2. Fondos e coleccións de orixe privada existentes en Galicia: casos de estudo**

16:30 horas  
*O legado Valle-Inclán na Universidade de Santiago de Compostela: fondo manuscrito e impreso*  
**Margarita Santos Zas**, Universidade de Santiago de Compostela

17:15 horas  
*Os fondos documentais da familia Ozores no Arquivo do Reino de Galicia*  
**Gabriel Quiroga Barro**, Arquivo do Reino de Galicia

18:00 horas  
*Depósito e posterior adquisición da colección Gil Varela para o Museo Provincial de Lugo*  
**Aurelia Balseiro García**, Museo Provincial de Lugo

18:45 horas  
Coloquio

### 23 DE OUTUBRO

#### **Sesión 3. Aspectos da xestión público-privada**

10:00 horas  
*Experiências de parceria entre as universidades e os propietarios privados de arquivos de familia em Portugal*  
**Rita Sampaio da Nóvoa**, CEPESE – Centro de Estudos da População, Economía e Sociedade

10:45 horas  
Pausa

11:15 horas  
*A experiencia da Associação Portuguesa dos Arquivos Históricos Privados*  
**Manuel Braga da Cruz**, Associação Portuguesa dos Arquivos Históricos Privados

12:00 horas  
*Memoria pública e privada nunha fundación patrimonial*  
**Diego Rodríguez González**, responsable de Patrimonio e Cultura da Fundación Barrié

12:45 horas  
*O privado ao servizo do comunitario: a experiencia do Ecomuseo de Arxeriz*  
**José Antonio Quiroga Díaz**, Ecomuseo de Arxeriz

13:30 horas  
Coloquio

14:00 horas  
Clausura

## **ORGANIZA**

Sección de Patrimonio e Bens Culturais (CCG)

Consello da Cultura Galega

## **COORDINA**

Bieito Pérez Outeiriño

Gabriel Quiroga Barro

Concha Varela Orol

## **LUGAR**

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

## **INSCRICIÓN**

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia ás xornadas.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

## **MÁIS INFORMACIÓN**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)

[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

